



ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LUDOTECA MUNICIPAL. ANO 2008

I-DISPOSICIÓNS XERAIS:

Artigo 1.- Este Concello establece a presente exacción no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, e da cordo co disposto nos artigos 15 a 19 en relación co artigo 20 da Lei 39/88 do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa nova redacción dada pola Lei 25/1998, do 13 de Xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e, en función do disposto no artigo 5 do Decreto 243/1995 do 28 de Xullo da Consellería de Presidencia e Decreto 354/2003 do 16 de Setembro da Consellería de Familia, Muller e Xuventude. O Concello de Vedra, establece as taxas por prestación dos servizos e realización de actividades correspondentes nos Centros Municipais prestadores de Servizos Sociais, que se rexerán pola presente ordenanza e de acordo co establecido no Decreto 40/2002, do 28 de Febreiro da Consellería de Familia, Muller e Xuventude .

Artigo 2.- A Ordenanza será de aplicación en todo o termo municipal.

Artigo 3.-Obxecto da exacción. É obxecto da exacción o uso do servizo denominado Ludoteca Municipal, en calquera das súas modalidades ou servizos parciais dos que se compón ou se desenvolven no mesmo, e que definido de xeito xenérico comprende o seguinte programa:

a) Xogo de libre acceso: esta actividade facilitará o desenvolvemento do xogo libre como marco de expresión da propia personalidade para o que se dispoñerá de distintas áreas de xogo :

- 1.- Zona de Xogo de movemento
- 2.-Zona de Xogo dramático e simbólico
- 3.-Zona de Xogos de construcións
- 4.-Zona de obradoiros
- 5.-Zona de xogos de mesa e regras
- 6.-Zona de devolución e préstamo de xoguetes e información e asesoramento

a) Intercambio de xogos e xoguetes: consiste no préstamo interior de material de xogo dispoñible na Ludoteca, que o usuario solicita para o seu uso e devolve finalizado o mesmo .

b) Actividades de animación sociocultural

c) Seguimento psicopedagóxico

d) Atención a nais/pais ou colectivos: facilitarase orientación, asesoramento, suxestións e información .

II-FEITO IMPOÑIBLE:

Artigo 4.-Feito imponible e obriga de contribuír: O feito imponible da realización que orixina o nacemento da obriga tributaria vén determinado pola inscrición na Ludoteca. Así mesmo, nese momento nacerá a obriga de contribuír, xa que se entende que é entón cando se produce o beneficio que reportan os servizos que se ofrecen e polos que se deben satisfacer o prezo público correspondente .



III.-SUXEITO PASIVO:

Artigo 5.- Están obrigados o pago da taxa que se establece nesta Ordenanza, as persoas físicas definidas no Regulamento básico de uso do servizo de Ludoteca, en favor de quen se estenda a inscrición correspondente. Será substituto do contribuínte o representante legal do menor, a tódolos efectos.

Artigo 6.- Poderán utilizar o servizo de Ludoteca Municipal os menores cuxa idade sexa superior os 4 anos e inferior a 12 anos. O feito de exceder a idade máxima dentro da tempada non suporá a supresión da condición de beneficiario, senón que aquela producírase automaticamente unha vez que remate o período xa iniciado, sen que se teña que tramitar baixa ou declaración algunha ó respecto.

IV.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Artigo 7 .- Bonificacións.

7.1.- Gozarán dunha bonificación total nas taxas os casos de emerxencia social acreditados polos servizos sociais do concello.

7.2.- Gozarán dunha bonificación do 90% da taxa a unidade familiar que non supere o IPREM, do 60% a que non supere o 1,5% do IPREM e do 25% a que non supere o 2,5 do IPREM

Para acreditarlo é necesario presentar a documentación fiscal e laboral xustificativa (nóminas, declaración xurada de ingresos e patrimonio, última declaración do IRPF ou certificación negativa de non estar obrigado/a a presentala, ect)

7.3.- Así mesmo gozarán dunha bonificación do 25% da taxa os membros da familia numerosa categoría xeral e dun 40% da taxa os membros de familia numerosa categoría especial que se acreditará debidamente co título de familia numerosa.

7.4.- Gozarán dunha bonificación do 25% as familias monoparentais que acrediten separación legal ou viuvez. Esta bonificación aplicarase sempre que non superen o 1,5% do IPREM

7.5.- Gozará dunha bonificación do 25% o segundo irmá/n inscrito

7.6.- As bonificacións son de carácter acumulativo.

As persoas interesadas en beneficiarse destas bonificacións deberán solicitalo achegando a correspondente documentación. Estes documentos entregaranse ao realizar a inscrición e poderán ser requiridos polo concello sempre que o considere oportuno.

V.-COTA TRIBUTARIA

Artigo 8.-Determinación da cota: en función da duración do servizo, a cota será unha cantidade fixa, segundo se sinala no Anexo desta Ordenanza Fiscal, e o seu pago esixírase dende o momento en que se formalice a inscrición, xa que se considera que desde ese momento iníciase a prestación do servizo por parte do Concello .

VI.-NACEMENTO DA OBRIGA DE CONTRIBUÍR.

Artigo 9.- A taxa esíxese e nace a obriga de contribuír no momento en que se formalice a inscrición para ter acceso a Ludoteca Municipal.



Artigo 10.- O depósito do prezo esixirase mensualmente, sen que haxa dereito de devolución algunha, nin a redución en caso de renuncia.

Artigo 11.- A inscrición pode formalizarse para unha das seguintes modalidades:

- Dende o 1 de setembro ao 30 de xuño (curso escolar).
- Dende o 1 de xullo ao 31 de agosto do mesmo ano (verán)
- Bonos de 15 entradas que terán que utilizarse obrigatoriamente no ano en curso
-

A inscrición dá dereito a utilizar os servizos da ludoteca municipal polo tempo de duración da modalidade elixida.

VII.-LIQUIDACIÓN E INGRESO

Artigo 12.- Practicarase a liquidación e efectuarase o ingreso no momento da inscrición, mediante recibo que se ingresará nas arcas municipais.

VIII.- NORMAS DE XESTIÓN

Artigo 13 .- A inscrición realizarase dentro do período establecido para isto, que será convenientemente publicado, e permitirá utilizar os servizos da Ludoteca Municipal por algún dos períodos que se lle indican no artigo 11.

Transcorrido este período de tempo, o representante legal do menor poderá inscribilo novamente para a próxima tempada.

Artigo 14 .- A inscrición realizaraa o/a Titor/a ou representante legal do/a menor.

ANEXO. TARIFA

A cota a abonar dependerá da data de iniciación da prestación do servizo de Ludoteca:

Tarifa A : *ludoteca curso (todos os meses agás xullo e agosto)*

FRECUENCIA	PREZO
1 día/semana	12,00 euros/mes
2 días/semana	24,00 euros/mes
3 días/semana	30,00 euros/mes
4-5 días/semana	35,00 euros/mes
Días soltos	4,00 euros/día

Tarifa B : *Ludoteca de verán (xullo e agosto)*

1 mes	75,00 euros
2 meses	125,00 euros
Días soltos	4,00 euros/día



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Tarifa C: *Bonos de 15 entradas: 60,00 euros que poderán utilizarse ao longo dun ano natural*

Usuarios de bus: *15,00 euros/mes*

Estes prezos quedarán suxeitos a actualización cada dous anos, segundo o IPC.

Vedra, 2 de xuño de 2008
O ALCALDE

Asdo: Odón C. Cobas García

***ULTIMA MODIFICACIÓN (ARTS. 7, 10 , 11 E AXENO TARIFA: PLENO DO 22/09/2011)**